

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 25**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día TRINTA de DECEMBRO de 2020, ás NOVE HORAS, por vídeo conferencia e presencial no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

- 1.- Actas anteriores:** (ordinaria do 28.10.2020)

#### **Ditames das comisións informativas:**

##### FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN

- 2.-** Aprobación do Plan Anual Normativo correspondente ao ano 2021 do Concello de Vigo. Expte. 1672/110 (Rexistro Pleno 2722/1101)

##### ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.-** Dar conta do Informe definitivo de control financeiro das subvencións e axudas públicas realizado respecto de beneficiarios por razón das subvencións concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia Municipal de Urbanismo durante o exercicio 2018. Expte. 102797/140 (Rexistro Pleno 2693/1101).

##### URBANISMO

- 4.-** Aprobación definitiva da Ordenanza para a instalación de ascensores e outros medios mecánicos de accesibilidade e mobilidade tanto en fachadas como en interior de edificios construídos de uso residencial colectivo e dotacional no termo municipal de Vigo. Expte. 103457/421 (Rexistro Pleno 2733/421).

#### **Mocións:**

- 5.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a decretar a gratuidade do aparcadoiro do Hospital Alvaro Cunqueiro, así como á cesión ao Concello da Parcela 5 do Complexo Hospitalario para a construción dun aparcadoiro gratuito. Rexistro Pleno 2740/1101.
- 6.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a acometer, de forma inmediata, a reforma integral do Conservatorio Superior de Música de Vigo. Rexistro Pleno 2741/1101.

- 7.- Moción do grupo municipal Socialista, instando ao goberno da Xunta de Galicia a incrementar o apoio orzamentario ao Museo de Arte Contemporáneo de Vigo (MARCO). Rexistro Pleno 2742/1101.
- 8.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a regular un Plan de Indemnización ao sector da hostalería de Vigo que compense economicamente o peche da actividade total ou parcial con motivo da pandemia da COVID19. Rexistro Pleno 2743/1101.
- 9.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a que realice unha achega de recursos económicos consonte coa poboación residente na cidade. Rexistro Pleno 2744/1101.

### **PARTE DE CONTROL**

- 10.- Dar conta de resolucións da Alcaldía dende o 19.11 ao 21.12.20. Expte. 932/1102 (Rexistro Pleno 2735/1101).
- 11.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as dende o 19.11 ao 21.12.20. Expte. 933/1102 (Rexistro Pleno 2736/1101).

### **Mocións.**

- 12.- Moción do concelleiro membro non adscrito sobre a política xuvenil do Concello de Vigo. Rexistro Pleno 2738/1101.
- 13.- Moción do grupo municipal Mixto, instando ao Pleno do Concello a tomar diferentes medidas ante a situación concesional do transporte público de pasaxeiros na cidade. Rexistro Pleno 2737/1101.
- 14.- Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno municipal a mellorar a xestión pública municipal, priorizar as políticas sociais, elaborar unha planificación da execución orzamentaria e rematar coa paralización dos servizos municipais. Rexistro Pleno 2739/1101.

### **15.- Formulación de rogos.**

### **16.- Formulación de preguntas.**

### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión **ORDINARIA**, por vídeo conferencia e presencial, estarán no salón de Plenos o Alcalde, os voceiros dos grupos municipais, membro non adscrito e os Tenentes de Alcalde, ás **NOVE HORAS** do día **TRINTA** de **DECEMBRO**, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

Susana Gallardo Fariña